



BASES ESCOLA DE IGUALDADE DE VERÁN : SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

1.- OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes na ESCOLA DE IGUALDADE DE VERÁN DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO 2020.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar crianzas de 3 a 12 anos, preferentemente empadroadas no concello de Mondariz Balneario. Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

Establécese un número mínimo de 7 persoas participantes e un máximo de 16 persoas participantes seleccionadas por orde rigorosa de inscrición.

3.- TEMPORALIZACIÓN

A Escola realizarase en horario de 08.30-14.30 horas, de luns a venres, durante o mes de xullo de 2020.

4.-PREZO

O prezo será de 20,00 Euros*.

**Prezos segundo ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO CAMPAMENTOS URBANOS aprobada no Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 20 de febreiro de 2020.*

5.- ACTIVIDADES

As actividades se realizan cara á consecución dos obxectivos propostos en torno a impulsar a igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero. En crianzas destas idades débese integrar os contidos transversalmente en actividades artísticas, xogos e dinámicas, deportes...que teñan como referentes exemplos de mulleres en distintas disciplinas, actividades de resolución de conflitos para aprender a resolvelos dunha forma pacífica na que todos e todas gañen e na procura da utilización dunha linguaxe inclusiva.

Ademais, debido a situación actual explicarase as crianzas dunha forma lúdica e educativa as medidas preventivas necesarias para a prevención do Covid 19.

6.- METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

Concello de Mondariz Balneario





A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa, lúdica e educativa impartida por medio de actividades que fomenten valores positivos e adecuadas as idades das persoas participantes. A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de tódalas persoas participantes no mesmo, realizando actividades que ao mesmo tempo que facilitan e favorezan a conexión do grupo e o traballo individual de cada persoa, promovan a resolución de conflitos aprendendo a resolver os conflitos que xurdan, a igualdade de oportunidades visibilizando referentes... todo isto vinculada ao ocio educativo e lúdico para que se divirtan nas súas vacacións e favorezan a aprendizaxe por ser motivadora.

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos. A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recabaranse e empregaranse de forma periódica o Concello de Mondariz Balneario. A avaliación final quedara rexistrada nunha memoria.

7.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

7.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios se se considera oportuno.

7.2.- INSCRICIÓN

7.2.1.- Documentación.

As nenas e nenos interesadas deberán presentar no concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

- Folla de inscrición.
- DNI da nai, pai titora ou titor
- DNI da nena ou neno ou libro de familia
- Cartilla da Seguridade Social

Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán vida laboral, certificado de empresa ou calquera proba que indique que a persoa está en activo.

As persoas que desexen máis información sobre a Escola de igualdade de verán e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto no teléfono: 986656136.

- **PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA:** DO 25 AO 26 DE XUÑO 2020
- **LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS:** O 29 XUÑO 2020

Concello de Mondariz Balneario





- **PAGAMENTO:** DO 29 AO 30 XUÑO 2020

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

7.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Admitiranse as participantes na escola de IGUALDADE DE VERÁN por rigoroso orde de inscrición.

Terán prioridade:

- Persoas empadroadas no Concello de Mondariz Balneario.
- Persoas escolarizadas en centros públicos educativos de Mondariz Balneario.
- Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais.
- Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de Mondariz Balneario.

7.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN

O día 29 de xuño 2020 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello o listado de persoas admitidas.

8.- ASISTENCIA

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia a escola. As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera.

9.- RECURSOS

9.1.- RECURSOS HUMANOS:

1 o 2 monitoras ou monitores. Terán titulación de monitoras ou monitores de tempo libre, persoas técnicas en animación sociocultural educadoras ou educadores sociais con experiencia no sector. Os grupos formaranse segundo as idades do alumnado.

9.2.- RECURSOS MATERIAIS

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas monitoras.

Material: cartolina, tesoiras, lapis, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento, acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, grapadora, grapas, clips, regras, abelorios, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, culleres de paus, prato, vasos, etc...

Aula con mesas e cadeiras para todas e todos os participantes.

10.- ORZAMENTO

O Orzamento da Escola de igualdade de verán de xullo 2020 será dun total de 3100 Euros*.

Concello de Mondariz Balneario





**A actividade está exenta de IVE, segundo o artigo 20.1.8º a) da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.*

En Mondariz Balneario, na data que figura á marxe
O alcalde. Jose Antonio Lorenzo Rodríguez



Cod. Validación: 5AQ9KDGWAWACHTGQLPENXFAE | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

Concello de Mondariz Balneario



INSCRICIÓN ESCOLA DE IGUALDADE DE VERÁN MONDARIZ BALNEARIO 2020

SOLICITANTE: NAI,PAI,TITORA OU TITOR	
Nome:	Apelidos:
DNI:	Telf:
Enderezo:	
SOLICITO PRAZA PARA:	
Nome e apelidos:	
Data nacemento: / /	
Nome e apelidos:	
Data nacemento: / /	
Nome e apelidos:	
Data nacemento: / /	

OBSERVACIÓNS DE CADA CRIANZA (necesidades especiais, alerxias, outras)

.....

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON:	SI	NON
Para a difusión e memoria de actividades		
AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DA CRIANZA NAS ACTIVIDADES:	SI	NON
Estou informado e acepto as normas de funcionamento e as actividades programadas na Escola de nadal, incluíndo as visitas culturais e rutas pola contorna próxima.		
PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA:		
Nome e apelidos:.....DNI:.....		
Nome e apelidos: :.....DNI:		
Nome e apelidos: :.....DNI:.....		
Nome e apelidos:.....DNI:.....		
Documentación:		
-Copia do DNI da persoa solicitante		
-Copia do DNI da crianza ou de non telo copia do Libro de Familia		
-Copia da tarxeta sanitaria da crianza		
-Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán copia do contrato e certificado de empresa co horario de traballo.		
-Informe xustificativo dos Servizos Sociais do Concello.		

Data:

Sinatura:

De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade contratada para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.

